Pteridium aquilinum (L.) Kuhn, 1879

- fento, fieito, felgo, felgueira común
- helecho común/águila
- iratze arrunta
- falguera comuna
- bracken fern
- feto comum



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Polypodiopsida**	**Pteridales**	**Dennstaedtiaceae**	***Pteridium***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Fento perenne, de entre 0,5 e 2 m. Sistema radicular formado por rizomas longos, grosos e moi ramificados. Talos erguidos, aéreos e non ramificados, que se orixinan a partir do rizoma. Forma colonias extensas, de aspecto aberto e dominante. Follas moi grandes, tripinnadas, xeralmente de forma triangular. Son de cores verdes e textura lixeiramente coriácea. As esporas son producidas en soros lineais e continuos, situados ao longo do bordo das follas.

HÁBITAT

Breixeiras, montes abertos, bordos e zonas degradadas. Prefire solos ácidos, ben drenados e expostos ou semiexpostos ao sol.

DISTRIBUCIÓN

Cosmopolita, está amplamente distribuído por tódolos continentes.

CURIOSIDADES

No pasado empregábase como cama para o gando e como fertilizante. Ten un comportamento expansivo e forma masas densas que impiden a rexeneración do bosque.